

OBRADOIROS MONOGRÁFICOS DE VERÁN 2023



INTRODUCCIÓN Á CARACTERIZACIÓN TEATRAL

Duración: 3 horas

Data de celebración: mércores 5 de xullo

Lugar: Escola Municipal de Teatro, Avenida de Castelao, 87 (interior). 36209 Vigo

Hora: de 10:30 a 13:30 horas alumnado de 12 a 16 anos e de 16:00 a 19:00 alumnado maior de 16 anos

Perfil do alumnado: dirixido a maiores de 12 anos empadroados en Vigo

Mestre: Diego Valeiras

Teléfono de contacto: 986 485 324 (13, 14 e 15 de xuño estamos pechados pola celebración dunhas xornadas teatrais)

Horarios atención: Ata o 21 de xuño de luns a xoves de 17:00 a 20:30 e dende o 22 de xuño de luns a venres de 11:00 a 14:00

Preinscricións: enviar un correo electrónico a em.teatro@vigo.org coa seguinte información: Nome, apelidos, DNI, data nacemento, enderezo, número de móbil, correo electrónico e nome do curso solicitado

Prazos de preinscrición:

- Preinscricións: do luns 19 ao luns 26 de xuño
- Publicación de admitidos: martes 27 de xuño
- Formalización de matrícula: do mércores 28 de xuño ao martes 4 de xullo

Nº de prazas ofertadas:

Admitiranse un total de 10 persoas. O número mínimo para a formación do grupo será de 4 prazas.

No caso de que a demanda excedese á oferta de prazas, faríase un sorteo público o martes 27 de xuño ás 12:00 horas, nas instalacións da Escola Municipal de Teatro de Vigo.

Prezo: 26,00 euros

OBRADOIRO INTRODUCCIÓN Á CARACTERIZACIÓN TEATRAL

Introdución as ferramentas precisas para o recoñecemento e a análise dun intérprete e o seu corpo, para a súa adecuación ou modificación en función dos requirimentos do personaxe, achegándonos aos principios de composición, forma, cor e volumen aplicados ao deseño de caracterización.

Este curso está dividido en dúas partes, unha inicial a modo de clase maestra, onde se exporán os conceptos da caracterización como recurso do feito teatral e como parte integrante da configuración do espectáculo de maneira que se coñezan as técnicas, materiais e posibilidades que ofrece a maquillaxe para o teatro. Así como as solucións e recursos da maquillaxe como parte fundamental do deseño de personaxe. Na segunda parte exploraremos de maneira teorico-práctica a creación dunha maquillaxe básica a partir dunha personaxe dada, onde utilizaremos os materiais e técnicas exploradas na clase mestra.

Todos os alumnos deben traer:

- Goma de pelo, turbante ou calquera elemento que amarre o pelo da cabeza e quede libre a fronte.
- Crema Hidratante.
- Base de maquillaxe. A máis aproximada ao tón de pel do/a intérprete.
- Esponxa maquilladora.
- Xogo de pinces e brochas. (Os modelos que se viron na clase, mínimo dúas “lingua de gato” de tamaño medio e outro pequeno, pincel plano ou sogado, brocha para colorete e pincel redondo).
- Lápicos perfiladores, beizos e ollos. (mínimo, negro, branco, marrón e vermello).
- Pintalabios vermello
- Eyeliner.
- Sombras de ollos (Branca e outra escura a poder ser marrón)
- Colorete.
- Loción desmaquillante (non recomendable toallíñas).
- Discos de algodón para desmaquillar.

Nota: Cabe a posibilidade de que se algún alumno/alumna quixera traer (a maiores) material que non estea nesta lista, para probar ou experimentar, poderemos aceptalo sempre que non afecte ao tempo estipulado para a práctica principal.

Currículo Diego Valeiras

O Carballiño 1980. Escenógrafo, figurinista e director de arte desenvolve o seu traballo no cine, televisión e no teatro en diferentes producións. Compañías coma Elefante Elegante, Talía Teatro, Redrum Teatro, Caramuxo Teatro, Malasombra Produccións, Butaca Zero ou o Centro Dramático Galego entre outros, no cinema traballa con directores coma Ignacio Vilar (María Solinha. 2019), Gonzalo Caride (El cubo de

Rosa.2015) Miguel López (Castelao.2015) entre outras producións e participa nos equipos de arte de series coma Viradeira (Voz Audiovisual. 2017) O sabor das margaridas (CTV. 2018) etc. Xunto coas tarefas artísticas desenvolve o seu traballo de profesor de Espazo Escénico, Caracterización e Indumentaria na ESAD de Galicia. Ten publicados diversos artigos en revistas especializadas como a RGT, Madrygal ou os catálogos Spain On Stage, da AAPEE da que é membro. Ademáis de ponencias sobre a arte e a plástica escénica en diversos congresos. Dende o ano 2022 dirixe a empresa ESPAZOVALEIRAS Costumes, adicada á creación, venta e aluguer de vestiario escénico e audiovisual en Galicia. Nomeado en diferentes ocasións aos Premios de Teatro María Casares, recibe no ano 2021 o galardón